



Memoria complementaria á memoria funcional do 24.04.2024 da proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta dirección xeral o 24.04.2024 emitiu memoria funcional á proposta de modificación de postos de traballo referente ao proceso de **funcionarización e clasificación** dos postos de traballo de persoal laboral enriba indicados.

O obxecto da presente memoria complementaria é modificar e complementar a anterior no seguinte sentido:

- Primeiro**

Engadimos a seguinte categoría e postos a funcionarizar de **Auxiliar de fogar, coidador/a auxiliar, auxiliar coidador/a, auxiliar de internado**, do grupo IV categoría:

CATEGORÍA	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	SUBGRUPO
Auxiliar fogar, coidador/a auxiliar, auxiliar coidador/a, auxiliar de internado	IV-04 (1)	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de coidadores	C2

POSTOS	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Auxiliar coidador/a	IV-04	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de coidadores (1)	7
Auxiliar de internado				8
Coidador/a auxiliar				874
			Total	952

(1) Pendente de resolución. Proceso convocado por Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico





de Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao Grupo IV e V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG número 243 do 26 de decembro)

- **Segundo**

Completamos a equivalencia do **grupo III, categoría 8**, e engadimos postos a funcionarizar

CATEGORÍA	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	GRUPO SUBGRUPO
Encargado/a xeral	III-08	Administrativo da Administración Xeral	Escala de axentes de inspección <ul style="list-style-type: none"> • Especialidade de vixilancia de estradas 	C1
		Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial	Escala técnica de mantemento de servizos Escala técnica de recursos naturais e forestais	

(Mantemos sen cambios como escala de persoal funcionario equivalente ao persoal das categorías profesionais III-08 e III-67 destinado en Augas de Galicia o *Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de axentes de inspección, especialidade de dominio público hidráulico (subgrupo C1)*

POSTO	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Encargado/a xeral	III-8	Administrativo da Administración xeral	Escala de axentes de inspección <ul style="list-style-type: none"> • Especialidade de vixilancia de estradas 	2 (*)
Encargado/a	III-8	Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial	Escala técnica de mantemento de servizos Escala técnica de recursos naturais e forestais	3 (*)

(*) Trátase dos seguintes 5 postos da Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria, da extinta Consellería de Política Social e Xuventude e da Axencia Galega de Infraestruturas:





DESTINO	DENOMINACIÓN
CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA) AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA	ENCARGADO/A MRA113300336001110
CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA) AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA	ENCARGADO/A MRA113300336001111
CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA) AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA	ENCARGADO/A MRA113300336001112
CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADES (A CORUÑA) CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	ENCARGADO/A XERAL PSC994050115001425
SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	ENCARGADO/A XERAL IVA191000036001143

Consta no expediente informes de funcións, de unidades de persoal, que evidencian a necesidade de ampliar o encadre de funcionarización deste grupo e categoría **engandindo o corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial, escalas técnica de mantemento de servizos e de recursos naturais e forestais.**

Esta ampliación, entre outras, está prevista na modificación en trámite, do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia

- **Terceiro**

Actualizamos a seguinte información:

Total de **2436** postos a funcionarizar nesta RPT (**445 persoas aprobadas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico**)

- Total **grupo B e subgrupo C1: 671 - (197 persoas aprobadas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico)**
- Total **subgrupo C2: 1765 - (248 persoas aprobadas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico)**

A Directora Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Nuria Aguilar Vázquez

